

## **NORMATIVA:**

### **-ÁMBITO ESTATAL:**

Lei 3/2007 para a igualdade efectiva mulleres e homes; no artigo 14.11 recolle como principio a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo.

### **-ÁMBITO AUTONÓMICO:**

Lei 7/2004 galega para a igualdade de mulleres e homes, dedica o seu capítulo III á erradicación do uso sexista da linguaxe.

O artigo 18 recolle o compromiso por parte da Xunta na erradicación do sexismo institucional e social.

### **-ÁMBITO LOCAL**

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Monforte de Lemos 2013-2016. Accións:

- E1. A1. OE 3
- E1. A3. OE 1
- E4. OE 1

## **LEMBRA...**

- No mundo vivimos homes e mulleres e este feito non sempre é expresado con palabras.
- Falar en masculino e en feminino, nomeando ambos sexos, supón utilizar con maior precisión a linguaxe.
- O uso abusivo do masculino é un obstáculo para a igualdade real.
- Substitúe o falso xenérico masculino por outros termos da lingua con valor xenérico xeral.
- Evita a linguaxe que implique exclusión.
- Compatibiliza o uso de normas gramaticais co uso non sexista da linguaxe.
- Emprega cargos e profesións en feminino.
- Evita a asimetría dos tratamentos nas profesións cando se descoñece quen as ocupa. ("*O Director e a secretaria*")
- Potencia o uso de palabras que nos representen por igual a mulleres e homes .
- Todo documento oficial debe expresar a igualdade lingüística entre os sexos.

# **RECOMENDACIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LE MOS PARA O USO DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA**

## **CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**

R/ Ricardo Quiroga s/n  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
TELÉFONO: 982-416350  
E-MAIL: [cim@concellodemonforte.com](mailto:cim@concellodemonforte.com)

## **CONCELLERÍA DE IGUALDADE CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



OPORTUNIDADES DE IGUALDADE

O uso na Administración Pública dunha LINGUAXE NON SEXISTA supón a destrución de barreiras invisibles no acceso a unha igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres.

## SEXISMO

Tendencia a valorar as persoas segundo o seu sexo concedendo máis valor social a un sobre o outro.

Na sociedade hai actuacións que limitan os dereitos das mulleres afectándolles negativamente e negándolles a posibilidade de relacionarse en igualdade de oportunidades.

## SEXISMO LINGÜÍSTICO

A utilización da linguaxe de forma que discrimine as mulleres, fainas dependentes simbolicamente dos homes ou non as representa.

## SOLUCIÓNS AO SEXISMO LINGÜÍSTICO

### NOS DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS:

#### 1.-Nomear en masculino e feminino:

Consignar os dous xéneros naqueles nomes que o teñen.

*Exemplo: Os funcionarios e as funcionarias.*

#### 2.-Empregar xenéricos reais:

Empregar aqueles nomes xenericos que engloban a unha colectividade formada por homes e mulleres

*Exemplo: En lugar de dicir “Todos os funcionarios deberán...” o correcto sería “O funcionariado deberá...”*

#### 3.-Empregar barras (/):

Recurso adecuado no caso de documentos administrativos abertos onde se descoñece á persoa interesada.

*Exemplo: O/a interesado/a..*

#### 4.-Utilizar pronomes xenéricos:

Coidar os pronomes persoais para evitar as marcas de xénero.

*Exemplo: En lugar de dicir “Se algún presenta unha demanda...” o correcto sería “Se alguén presenta unha demanda”.*

*Exemplo: En lugar de dicir “O demandante..” o correcto sería “Quen presente unha demanda...”*

#### 5.-Adaptar o cargo ao sexo da persoa:

Cómpre adaptar o nome dos postos ou cargos ao xénero de quen os ocupa.

*Exemplo:*

- “Director Xeral de...”
- “Directora Xeral de...”

#### 6.- Vixiar o uso de fórmulas de cortesía nos tratamentos.

*Exemplo: Non empregar palabras que aludan ao estado civil p.ex. “señorita”*

#### 7.- Coidar a orde das palabras:

Tentar alterar o costume de empregar sempre o xénero masculino precedendo o feminino.

*Exemplo:*

- *Pai, nai ou representante legal.*
- *Nai, pai ou representante legal.*

#### 8.- As Certificacións de que son obxecto as persoas deberán atender ao seu sexo e garantir o seu dereito á educación e á representación social.

*Exemplo:*

- *Apto ou apta.*

#### 9.- Cando se descoñece que ostenta os cargos é recomendable a mención ás entidades.

*Exemplo:*

- *A Presidencia.*
- *A Secretaría.*